

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.). Nº14. 1 de abril -1 de maio de 2006.
Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

A sociedade pública quere evitar calquera tipo de proceso especulativo na área industrial melidense

Xestur interpelará aos propietarios das parcelas do polígono que non estén edificadas



Xestur, a sociedade pública responsable do chan industrial en Galicia, ten previsto interpelar aos propietarios das parcelas do polígono industrial da Madanela que aínda non están edificadas. A medida súmase á adoptada noutros concellos para evitar procesos especulativos.

Xosé Luís Barcia, delegado de Industria, anunciou a medida o pasado mes na presentación dun traballo de análise da situación da área industrial melidense. O estudo contou, entre outros, coa colaboración de ASETEM-CCA.

A Xunta investirá 300.000 euros no centro de saúde

Sanidade deu o visto bo á ampliación do centro de saúde de Melide. O investimento que se prevé sexa preciso para acometer a ampliación das instalacións achégase aos 300.000 euros. Ata o momento, non se fixo público ningún plan de

tempos, aínda que se agarda que no prazo dun ano se comecen as obras.

O departamento que dirixe María José Rubio farase cargo tanto da redacción do proxecto de ampliación como das obras do ambulatorio.

Preséntanse 220 alegacións ao Plan Xeral de Santiso

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiso está para remitirse á Xunta logo de que rematara o período de exposición pública. Durante o mes que estivo a disposición dos veciños presentáronse, segundo informou o alcalde Ramón Villar, un

total de 220 alegacións. Segundo o rexedor de Santiso, as solicitudes de modificación responden a intereses varios. Nagúns casos solicítase que conste como chan urbano solo forestal, mentres outros casos é xustamente o contrario.

A II Foliada de Melide será o 30 de abril

A agrupación folclórica Castelo de Melide ven de facer público o programa de actividades da que será II Foliada de Melide. Celebrarase o 30 de abril, e amáis do serán musical no que participarán oito agrupacións, haberá tamén unha mostra de artesanía. O Pazo de Congresos acollerá os actos que contarán tamén con exposición, exhibicións varias así como conversas- coloquio.

O BNG presentou en Melide a súa proposta para o estatuto



Melide acolleu un dos 130 actos que o BNG está a organizar en Galicia para presentar as bases do seu proxecto de reforma do estatuto galego. Estivo Pablo González Mariñas, un dos redactores do texto e vicepresidente da comisión estatutaria no parlamento.

Editorial

Longa espera

Larra queixábase de que a burocracia, ou mesmo os burócratas do seu tempo eran lentos, moi lentos. Mágoa que décadas despois continuemos igual ou peor. Levamos un ano agardando polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Melide, e, aínda a risco de parecer agoreiros, o que nos queda... De seguir nesta liña, o plan xeral melidense será un Escorial en papel.

Ten chovido dende que o concello de Melide organizara o acto público coa empresa redactora do estudo. Ten chovido, e moito. Dende aquelas, a información que cidadáns, grupos políticos e colectivos teñen do Plan Xeral é nula.

Semella que dende o concello se esqueceron de que o plan xeral a quen afecta directamente é á xente da rúa, e que polo tanto, é deber das institucións ter aos cidadáns informados. Nos corrillos de Melide a xente xa se pregunta polo Plan Xeral. ¿Comeuno alguén? Debe ser, porque senón non hai explicación. Ninguén sabe nada agás, algúns veciños que tiveron a

“sorte” de ser convocados para abordar a cuestión. Ao parecer, dende o concello mantivéronse contactos con certos sectores, uns poucos elixidos. Os demáis, a gran masa, seguimos agardando.

Os que agardan convocatoria son os veciños de a pé. Os melidenses e as melidenses saben o que se xogan co plan de ordenación do territorio, e non están dispostos a pasar por alto o que se plasme nas súas páxinas.

Melide non se atopa precisamente nun momento espléndido, e, calquera pulo será vital. A aprobación dun plan xeral ben feito antóllase vital para o futuro do pobo. O polígono industrial verá como o plan de ordenación o afecta de cheo, co cal, unha ou outra decisión arredor do chan industrial pode marcar diferencias.

Hai meses o concello prometera manter informado á oposición e aos colectivos do rumbo dos acontecementos, de cal era a situación do plan en cada momento, pero non foi así. A información é nula. ¿Por qué non nos

informan? ¿Acaso non está feito? ¿Acaso a Xunta lle está a pór moitas trabas? Por moito que o PORN poida retardar o proceso, ¿non sería máis adecuado dicir en qué punto se atopa?. De ter que agardar, sempre é máis levadeiro agardar sabendo o que hai feito e o que queda por facer.

Realmente o Plan Xeral de Melide ten que estar feito a conciencia se atendemos ao tempo que se tarda en presentarllo ao público. Mesmo concellos como Santiso e Toques xa superaron a exposición pública, pero aquí a calma está a ser extrema.

Instamos ao concello de Melide a que informe aos seus fregueses. Pedimos que se nos diga en qué punto se atopa. Que se nos digan prazos concretos, pero que non se nos minta. Se fixeramos caso ao que se nos dixo hai ano, o plan xa tiña que ter sido aprobado inicialmente nos últimos meses de 2005. Fronte a iso, a situación na que nos atopamos é que do plan aínda non se sabe absolutamente nada. Só pedimos información. Temos dereito.

Tribuna de opinión

O polígono

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Melide é un sitio pequeno, e como tal, todo acaba sabéndose. Hai un tempo, uns empresarios fixéronme chegar unha boa nova. Dícían que a alcaldesa comentaba que ¿Quén era eu para ir dicindo por aí que se ían deixar sen parcelas á xente que as tiña sen edificar? Ante afirmacións deste tipo, só caben enfrentar verdades. A verdade é que, para empezar, eu carezo de calquera tipo de poder para expropiar ou obrigir a vender parcelas a ninguén. ¿A quen se lle puido ocorrer semellante cousa? Vivimos nun estado rexido por leis, e esas leis establecen que o organismo competente para levar a cabo semellante actuación sería Xestur. Para os que non o sepan, Xestur é o organismo da Xunta de Galicia responsable de xestionar o chan industrial, e eu, podó dicir alto e claro que nada teño que ver con Xestur.

O que sí teño que dicir é que a min, ao igual que aos meus compañeiros, como aos empresarios, como á sociedade en xeral, gustárame que esas parcelas vacías, que superan a ducia, se construíran dunha vez, ou no seu defecto, se puxeran outra vez á venda polo prezo no que foron mercadas. Négome a que se faga negocio coas parcelas do polígono melidense. Négome a que se leven a cabo procesos especulativos no solo industrial deste municipio porque as áreas industriais están para axudar a que os concellos saian a diante, e non para encher con presas de cartos os petos duns poucos aproveitados, ou criar grilos.

A día de hoxe, a poboación de Melide debería ser de 6.000 ou 7.000 habitantes máis dos que hai actualmente, pero a xestión dos nosos recursos foi errónea. Para que a xente non lisque do noso pobo, temos que darlle empresas nas que traballar, fábricas nas que empregarse e recursos dos que poder vivir. Frente a iso, en Melide non se veu artellando ningún tipo de medida favorecedora da instalación de empresas e negocios. Están a hipotecar o noso polígono con parcelas como as 17 non construídas na Madanela. O concello xa tiña que ter visto hai moito tempo esta realidade, pero só se mira para onde un quere. Haberá que agardar a que pase o tempo.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños, David Barrio, Rede Galega do Xogo Tradicional, PSOE e BNG de Melide, Jorge Sangiao e Pilar López.

PSOE e BNG de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



José Antonio Rodríguez Álvarez. Corredor de Seguros (GF-035)

Asesoría de Empresas

Seguros Generales

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)

www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86

Falta de información do PXOM

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

O BNG queixase da absoluta falta de información sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Melide. Hai xa un ano que se celebrou un acto aberto coa empresa redactora do Plan para tratar este asunto pero, dende aquela, nada novo sabemos.

Na xuntanza celebrada o 1 de abril de 2005, o goberno melidense e a empresa Monteoliva dixeron que no verán de 2005 estarían rematados os traballos de campo e falaban da aprobación inicial do PXOM

no Pleno para os últimos meses dese ano. Pois ben, pasados xa tres meses do 2006, temos que dicir que non se cumpriu co previsto nin se transmitiu información algunha dende aquela. Por ese motivo, a finais de xaneiro, o BNG pediu por escrito á alcaldesa unha xuntanza para saber algo deste importante tema. Dous meses despois, a alcaldesa nin contestou ao escrito do BNG nin nos dixo nin palabra do estado actual do Plan Xeral.

Cómpre lembrar que o BNG pedira a creación dunha

Comisión de Seguimento do Plan integrada polos tres grupos municipais e representantes sociais e empresariais de Melide, pero o goberno melidense non aceptou creala. Para o BNG, a actitude da actual alcaldesa deixa moito que desexar posto que, unha vez máis, está negando información aos concelleiros/as do BNG ou, o que é o mesmo, negando información aos seus propios veciños e veciñas, posto que somos os seus representantes no concello, aínda que parece que non o lembra ou non o quere recoñecer.

Preguntas... Respostas...

AGRUPACIÓN SOCIALISTA DE MELIDE

Moitas veces os veciños téñennos manifestado que dende a oposición non se está a facer nada, e a nosa resposta é sempre a mesma: dende a oposición non se pode facer, pero si propoñer iniciativas para que se fagan cousas, eso levámolo facendo dende hai case tres anos, e facémolo a través de mocións e rogos no pleno despois de ver as deficiencias do concello ou atender as demandas de moitos veciños, algunha das cales acepta o goberno e outras de modo incomprensible non. Pero tamén se nos pregunta por moitos asuntos da vila, dos que dende o goberno non se nos da información e a única forma de coñecer deles é a través das preguntas que

presentamos no pleno, e que por certo aínda que se fagan oralmente necesitan cando menos dous meses para contestalas; esperas que respondan de xeito acorde e cal é a sorpresa cando responden deste xeito: Preguntas e respostas do Pleno 23/02/2006)

P- ¿cánto falta para rematar de colocar a rede de colectores do saneamento? R - En breve

P- ¿cándo está previsto o inicio das obras de construción da nova depuradora? R - En marzo

P- ¿cándo se prevé o remate da Casa da Cultura? R- cando se dispoña de financiamento

P- ¿cánto capital se necesita para rematala Casa da

Cultura? R - 600.000,00

P- ¿a qué corresponden 12 facturas - dunha casa de ultramarinos de Melide - por importe de 2.793,54 ? R - Poden comprobalas nas facturas orixinais. (Para realizarla comprobación correspondente hai que solicitalo por escrito, e logo contestan da Alcaldía citando para dentro de tres meses).

P.- ¿De qué é a factura de 2550,35 de un coñecido hotel de Melide? R.- Comida ós Cabaleiros da Orde do Camiño de Santiago.

Estamos a preguntar cómo e dónde se invirten os nosos cartos, ¿é tanto preguntar?, ¿son preguntas tan capciosas que merecen respostas tan insultantes?

Espazo reservado para o Partido Popular

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas, e agardamos que en vindeiras edicións teñen a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar este espazo e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vila para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio.

Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es



Joyería
Oro Ley

Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468

Anúnciese
no
Cerne

Teléfono:

9814506188

A Deputación convoca axudas para colectivos agrarios da provincia

A Deputación da Coruña ven de convocar a segunda edición das subvencións de agricultura para entidades asociativas agrarias e labregas. As axudas están dirixidas tanto para actividades como para equipamentos e infraestrutura. O obxectivo que se pretende coa concesión destas axudas é, segundo o deputado do BNG Pablo Villamar Díaz, director da área de Promoción Económica da Deputación, apoiar ás entidades asociativas en proxectos destinados á valorización e recuperación dos recursos agrarios endóxeos.

Cada entidade asociativa poderá solicitar dúas axudas do mesmo programa, ou dos dous programas. A cantidade máxima subvencionable será de 15.000 euros en total, e o importe suporá entre o 20% e o 80% do orzamento estimativo de gastos. O prazo para presen-

tar a solicitude para as axudas remata o 10 de abril.

Entre as medidas subvencionables están as axudas ás explotacións que participen en proxectos de investigación e divulgación agraria que busquen coñecementos teóricos e prácticos que lles permitan aplicar técnicas innovadoras de produción, transformación e comercialización das producións agrarias. Tamén se subvencionarán medidas para a valorización e comercialización das producións agrarias en mercados próximos, ou proxectos enfocados cara a prevención de incendios forestais mediante o uso de técnicas silvo-pastorís. Proxectos de consolidación e creación de emprego no rural, axudas para infraestruturas e equipamentos e outras actividades serán tamén subvencionables.

Máis de 800 alumnos empregan o transporte escolar en Melide

Segundo datos que manexa a consellería de Educación, actualmente, 803 alumnos dos centros escolares melidense empregan o transporte escolar. O servizo lévao a cabo cinco empresas.

No municipio de Santiso, 134 alumnos botan man do transporte escolar nunhas rutas que se reparten tres empresas.

No caso de Toques, tan só 49 rapaces precisan de transporte escolar para acudir ao centro de ensino. Para poñer en marcha o servizo diario, son precisas dúas empresas.

Sanidade farase cargo da redacción do proxecto e das obras

A Xunta investirá arredor de 300.000 euros na ampliación do centro de saúde

Redacción
Melide

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade que dirixe María José Rubio, destinará arredor de 300.000 euros para a ampliación do centro de saúde de Melide. As instalacións actuais non son suficientes para albergar os servizos médicos cos que conta o centro de saúde, co cal se fai precisa unha ampliación.

A Xunta farase cargo da redacción do proxecto, así como do coste das obras, un total que se calcula rondará os 300.000 euros. Pola súa parte, o concello cederá os terreos precisos para poñer en marcha a nova fase.

Aínda non se estableceron tempos para o comezo das obras, se ben se calcula que se iniciarán no período dun ano. Isto que fai pensar que pasará un



O concello non recibiu visitas institucionais, segundo Bande

tempo considerable ata que o persoal do ambulatorio poida consultar e desempeñar o seu traballo nas novas instalacións do centro de saúde.

Petición do heliporto

Tamén no ámbito sanitario, a rexedora Melidense, Ánxeles Vázquez, adian-

tou que voltará a solicitar á Xunta de Galicia a habilitación do heliporto. O helicóptero de SOS Galicia aterriza na propia rúa do centro de saúde, unha actuación que conleva os correspondentes inconvintes tanto para o propio transporte como para os veciños da zona.

González Mariñas participou en Melide nun acto para presentar a proposta nacionalista para o estatuto galego

Redacción
Melide

Pablo González Mariñas, un dos redactores principais da proposta do Bloque Nacionalista Galego para a reforma do estatuto participou en Melide nun dos 130 actos que o BNG está a organizar por toda a comunidade para dar a coñecer as bases do texto.

Xunto con González Mariñas, vicepresidente da comisión de estudo para a reforma estatutaria, estiveron Xoan Carlos Bascuas, membro da executiva nacional do BNG, e representantes do Bloque de Melide.

No acto, celebrado no edificio Multiusos de

Melide os ponentes expuxeron algúns dos trazos básicos que rexen a proposta nacionalista. Bascuas insistiu na importancia do novo texto, ao enténdelo como “a caixa de ferramentas que se precisa para resolver os problemas cotiás”.

O achegamento da proposta dos nacionalistas a todos os galegos está a ser un dos obxectivos nos que o BNG está a traballar, unha idea na que insistiron tanto Bascuas como González Mariñas, que lembrou que a reforma estatutaria non pode ser unha “operación a quirófano pechado”, e que non se pode permitir que ocorra o mesmo ca no



González Mariñas é un dos redactores da proposta

Estatuto de 1981, no que a meirande parte dos galegos non fixeron caso do

lema “Anque chova, vota”, e non acudiron ás urnas.

A sociedade pública quiere evitar procesos especulativos na área industrial Xestur interpelará aos propietarios das parcelas non edificadas no polígono de Melide

Un estudo financiado por Industria analiza a situación da área da Madanela

Redacción
Melide

O pasado mes presentouse en Melide un estudo financiado pola consellería de Industria e promovido polo concello no que se analiza a situación do polígono industrial melidense. A análise, levada a cabo por Tineo Ingeniería propoñíase desenvolver un estudo arredor da situación na que se atopa a área industrial de Melide, así como propoñer solucións ás deficiencias que se atopan.

Á presentación do traballo en Melide acudiu Xosé Luís Barcia, delegado de Industria, e responsable de Xestur. Entre os datos que reflectiu o traballo destacaba que das 71 parcelas do polígono vendidas, tan só 39 están construídas e con actividade. Ante este feito, que Barcia calificou como “problema non exclusivo de Melide”, o delegado de Industria afirmou que se ía “interpelar aos propietarios das parcelas non construídas para que expliquen por qué están vacías, e máis tarde, actuar en consecuencia”.

Nos últimos meses, Xestur xa anunciou medi-



Actualmente 39 parcelas están construídas e con actividade no polígono industrial

das semellantes noutros concellos, como é o caso de Silleda, onde a sociedade pública advertiu que revocaría os contratos que incumpriran o prazo de construción.

Pola súa banda, a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez descartou na presentación do estudo, que a causa de que varias parcelas estén sen edificar se deban a un proceso especulativo. A rexedora apuntou que existen outros problemas que impiden que

se poida construír en varios casos.

Situación

O polígono da Madanela dispón de 71 parcelas vendidas das que 39 teñen xa actividade, 10 están construídas pero sen actividade, 5 teñen proxectos en trámite, 15 están sen ocupar, e 2 están afectadas pola lexislación relativa ao Camiño de Santiago.

En total, a primeira fase do polígono, executada xa, ocupa 111.778 metros

cadrados. A segunda fase, cunha parte xa en execución, ocupa 102.982 metros cadrados dos que 34.475 xa se están executando.

Na presentación do proxecto, Barcia anunciou tamén que a consellería de Vivenda e Solo decidiu desenvolver todo o polígono industrial melidense. A posta en marcha do espazo industrial requirirá unha inversión de 750.000 euros. Polo de agora non hai prazos marcados.

Os empresarios detectan deficiencias nalgúns servizos básicos

O estudo realizado arredor do polígono melidense serviu para dar voz aos problemas que os inquilinos das parcelas sofren. A meirande parte dos que se reflectiron no estudo son relativos aos servizos básicos. Os empresarios referíronse a problemas puntuais de abastecemento de auga, baixa potencia da rede eléctrica e problemas coas liñas telefónicas no que se refire a conexións a internet.

Na presentación do estudo deixouse claro que, se ben as empresas coincidían nas súas reclamacións, ningunha delas presentara queixas formais. A falta de seguridade na área industrial foi tamén outra das reclamacións.

Para levar a cabo o estudo, solicitouse a colaboración de ASE-TEM-CCA, a Antena Cameral, a Fundación Terra de Melide, así como dos grupos políticos municipais. Para obter a información por parte dos empresarios do polígono, enviáronse enquisas aos asentados na área industrial, que só o 53% respostou.

Para subscribirte a
Cerpe só tes
que chamar ao
981 506188



As empresas constructoras copan o 12% da facturación de Melide-Arzúa

Segundo os datos do informe Ardán referidos ás comarcas de Terra de Melide e Arzúa, o porcentaxe sobre o total de facturación referido ao sector da construción sitúase no 12,83 do total. O informe Ardán sobre actividades empresariais refírese unicamente a empresas cun volume de facturación anual superior aos 240.404 euros. Segundo consta no informe, as empresas adicadas á construción suman case o 13% da facturación total da comarca, un dato que indica o peso específico desta área.

O sector da construción sitúase no segundo posto do ranking de sectores con maior facturación en Melide e Arzúa. O comercio e a reparación son o apartado de negocios que maior facturación rexistra. Segundo os datos do Ardán, o 54,86% da facturación total das empresas da comarca que superan os 240.404 euros anuais, corresponde a entidades que se adican ao comercio e ás reparacións.

O número de casas desocupadas supera o 12% no núcleo, e o 10% no rural
Case o 30% das vivendas do casco urbano de Melide corresponden a residencia secundaria
Máis da cuarta parte dos domicilios de Toques están desocupados

Redacción
Melide

O 28,3% das vivendas contabilizadas no casco urbano de Melide están catalogadas como secundarias, ou o que é o mesmo, como segundo fogar. Segundo a Enquisa sobre Infraestruturas e Equipamentos Locais (EIEL) da Deputación da Coruña, só no núcleo urbano melidense hai 728 vivendas que non corresponden a residencia habitual.

A realidade das residencias secundarias aínda non foi tema de estudos a fondo, se ben os traballos que hai publicados coinciden á hora de destacar a tendencia a posuír unha segunda vivenda. Aínda que os factores que favorecen esta realidade son varios, un dos prioritarios está íntimamente vencellado ao fenómeno da emigración; un trazo que se comproba no caso melidense.

As migracións mundo rural-urbano, tanto intra-comunitarias como inter-comunitarias en décadas anteriores favorecen agora a compra de inmobles por parte de emigrantes que empregan as vivendas de



A construción está a ser un dos sectores punteiros da economía melidense

temporalmente. As segundas residencias empréganse ou ben durante a fin de semana ou ben como domicilio vacacional. Deste xeito explícase o importante incremento de poboación que Melide rexistra no período estival.

O fenómeno da segunda vivenda non lle é alleo á zona rural melidense, onde 324 das residencias, o 22,7%, están catalogadas como domicilio secundario.

A presenza de segundos

fogares non está tan acentuada no resto de concellos da comarca, se ben é certo que a porcentaxe media supera en todos os municipios o 15% do total de vivendas.

En Sobrado practicamente unha de cada cinco vivendas (o 19,6%) é de segunda residencia. No municipio están contabilizados un total de 1.285 inmobles destinados a fogares, dos cales 252 só se empregan para períodos vacacionais e tempo de

lecer.

A realidade do concello de Toques é similar á de Sobrado. O número de vivendas para segunda residencia ascende a 128, un 18,5% do total, que ascende a 689 segundo datos da EIEL.

Santiso é o municipio da comarca que menos casas contabiliza como segunda residencia. Das 1.056 casas do concello, tñ só 179 corresponden a fogares secundarios, o que ven sendo o 16,9%.

Santiso, á cabeza no número de prazas hostaleiras rurais

O turismo rural está plenamente asentado na comarca. A proba está no número de prazas hostaleiras de turismo rural rexistradas na bisbarra

O concello de Santiso, con 57 prazas lidera o sector na comarca. En Melide o número de prazas hostaleiras dispoñibles en casas de turismo rural ascende a 20, dise-

minadas por establecementos en todo o concello. A estas prazas engádenselle as 64 contabilizadas nos hoteis do núcleo urbano.

No tocante a Toques, os lugares de Souto, Mangoeiro e outros núcleos do concello repártense as 18 prazas de turismo rural coas que conta o municipio.

O número de inmobles desocupados en toda a comarca sobrepasa os 860

Os datos demográficos e de vivenda dos que dispoñen a Enquisa sobre Infraestrutura e Equipamentos Locais da Deputación da Coruña recollen que 866 vivendas de toda a comarca da Terra de Melide están desocupadas, unha cifra que se corresponde co 14,5% do total de casas da bisbarra,

que ascenden case a 6.000. Só no concello de Melide, contabilízanse 402 casas vacías, das cales 311 se sitúan no casco urbano.

O municipio que porcentualmente presenta unha maior desocupación é Toques, no que o 26% dos inmobles se atopan vacío. Das 689 casas do concello, 180 non están ocupa-

das. Unha realidade da que se distancia Santiso, onde só o 7,6% das vivendas están desocupadas, unhas 81 das máis de 1.000 computadas.

En Sobrado o porcentaxe de vivenda vacía supera o 15% do total, correspondéndose a 203 casas dos máis de 1.280 inmobles censados.

AO CARÓN| 25 anos da Unidade de Acción Formativa de Melide

Cursos de hostalería, turismo e sanitarios centran a oferta do centro

O centro prepara aos alumnos na teoría e na práctica pensando no mercado de traballo

Redacción
Melide

Hai un cuarto de século que abriu as súas portas en Melide a Unidade de Acción Formativa, un centro que oferta formación ocupacional de calidade e pensada especialmente para a comarca na que se instala. Xunto con Melide, só Ames, Negreira e Monforte de Lemos contan con unidades de acción formativa dependentes da Consellería de Traballo.

O apego á realidade máis urxente é un dos trazos que marcan a pauta da U.A.F. melidense. O centro oferta formación nas áreas con maior demanda social e nas que precisan de traballadores cualificados para o mercado laboral.

Nos 25 anos da U.A.F., situada na rúa Doctor Fleming, nas proximidades do ambulatorio, foron moitos os cursos impartidos. Nos seus inicios especialidades agrícolas, iniciación aos servizos



As prácticas son esenciais na formación da UAF

sociais e algúns cursos de confección centraban a maior parte da oferta formativa do centro. Dende hai algúns anos a tendencia xira arredor do sector hostaleiro e dos programas sanitarios.

A oferta

Actualmente a oferta de especialidades da U.A.F. de Melide abrangue “auxiliar de axuda a domicilio”, “auxiliar de enfermería en xeriatría” e “coidados específicos a enfermos de Alzheimer”, todos eles dentro da rama sanitaria.

A programación de cursos vencellados ao sector da hostalería e o turismo son o outro puntal do centro, que imparte os cursos de

“cociñeiro” e “camareiro de restaurante-bar”, así como de azafato/a de congresos.

O reto da Unidade de Acción Formativa melidense é formar profesionais que poidan integrarse no mundo laboral de xeito efectivo unha vez completen a súa preparación. Para iso, os docentes de cada unha das especialidades impartelle aos seus alumnos coñecementos teóricos, pero sobre todo cuestións prácticas. Para conseguir que a formación sexa a máis adecuada, varias das especialidades dispoñen ademais de prácticas reais en institucións abertas ao público.

Práctica e teoría únense para formar futuros profesionais

Máis de 1.000 horas, ou o que ven sendo once meses, é o tempo que pasan os alumnos do curso de cociñeiro na U.A.F.. Para conseguir que teñan a mellor formación, o centro está dotado con maquinaria, útiles e medios de última xeración que permiten que os alumnos entren en contacto coa realidade da cociña. O mesmo ocorre coa alumnos do curso de

camareiro, unha especialidade con contidos moi atractivos.

A parte práctica é tamén básica nos programas sanitarios. Ademais das horas de prácticas simuladas no centro, todas as especialidades sanitarias teñen como mínimo 120 horas de prácticas reais. Arredor de 100 persoas solicitaron este ano unha das 15 prazas de axuda a domicilio.



A cociña do centro está equipada con última tecnoloxía

ENTREVISTA

Rafael Guerrero Martín
Director U.A.F. de Melide

“Moitos dos alumnos veñen con moito interese; aos que non o traen, espertámosllo”

Dende 1997 Rafael Guerrero dirixe a U.A.F. de Melide. Nestes anos foi testemuña de cómo centos de persoas encamiñaron a súa vida profesional a través do centro.

-¿Toda a xente que chega á U.A.F. faíno realmente interesado nos cursos?

-Hai de todo. O que podemos dicir é que moitos dos alumnos teñen moito interese, e os que non o traen, espertámosllo. Os docentes do centro son fantásticos, e son quen de transmitir aos seus alumnos a ilusión polo que fan.

-¿O obxectivo último da U.A.F. é que os alumnos saian traballando?

-Sí, pero só os que realmente veñen con esa finalidade. Arredor do 40% da xente que cursa algunha das especialidades ven concienciado en que o que quere é saír traballando. Dese 40% que quere un emprego nese sector, o 99,9% conségueno.

-¿Hai demanda por parte das empresas locais?

-Aquí veñen empresarios de restauración a pedirme alumnos antes incluso de



Guerrero fai un balance positivo do traballo na UAF

que rematen o curso. Saben que impartimos unha formación moi completa e que os alumnos saen preparados. Hai quen mesmo a metade de curso xa comeza a facer horas en empresas.

-¿Qué balance fai dos seus anos á fronte da U.A.F.?

-É moi satisfactorio ver como o traballo que fas serve para que a xente atope a súa dignidade laboral persoal e social. Ver como alumnos de anos anteriores te visitan e che contan cómo lles foi, é moi gratificante. Agora temos en proxecto ampliar o programa con celador sanitario e para o ano dependiente comercial.

PARA ACCEDER.

Os requisitos para poder cursar algunha das especialidades impartidas na U.A.F. de Melide son ter cumpridos os 16 anos, ser demandante de emprego, e presentar a correspondente solicitude a través da oficina de emprego de Melide.

O máximo de alumnos en cada especialidade é de 15, e o mínimo para que o curso se poña en marcha é de 10. Aproximadamente o 60% dos inscritos son da comarca, aínda que chega xente de toda Galicia.

OPINIÓ

Un paseo por San Antolín de Toques

DUARTE BREOGÁN

Seguramente case que tódolos que teñan ocasión de ler este xornal coñecen ben a nosa comarca e saben daqueles lugares e recunchos espallados por estas terras onde vale a pena perderse de cando en vez para poder, dalgunha maneira, fuxir da nada, mirarse e desfrutar da compañía dun mesmo.

Aproveitando unha destas ocasións, un domingo á tardiña acerqueime a dar unha volta ata a capela de San Antolín de Toques, pois alguén me tiña comentado que aquilo cambiara algo. Fun a pé desfrutando do paseo, pero a verdade é que á volta xa tiven que chamar para que me viñeran buscar. Facía tempo que non me deixaba caer por alí, e tiñan razón os que me dixeran que aquilo cambiara. A verdade non me gustou nada tal como está e como o deixaron... seguramente, coma moitas cousas, da mao de deus.

De entrada, non me explico a qué veñen uns farois alí espetados no medio que anoxan totalmente o entorno. ¿a quen se lle ocurriría semellante

idea? Despois, unhas táboas (tablao flamenco?) Para qué servirán? siquera fixeran algo para resgardarse da choiva. En fin, a estas alturas por mín coma se queren poñer alí “rolos do silo” que agora están tan de moda. Nesta tarde de visita choveu, e estando ó lado da ponte da igrexa, casualmente vin como unhas pedras que forman parte dos muros e restos das instalacións da que din foi fábrica de arame e puntas, caía para o cauce. Outras xa estaban caídas, ao igual que parte dos muros debido ao paso do tempo. Incluso supón un risco, pois non hai sinal de perigo.

É unha mágoa que pouco a pouco todo se vaia caendo, ata que a propia igrexa empece tamén a caer, e con ela se vaia tamén a xoia que alí dentro agarda dende hai tantos séculos. ¿De verdade non hai nada nin ningún que se preocupe por estas cousas? Nin a igrexa, nin a cultura, nin o patrimonio, nin a parroquia nin o concello? Pobre Santo Cristo... Menos mal que estás por riba do abandono do esquecemento e da destrución...

Bande cré que hai facturas irracionais, ilóxicas e innecesarias

Ares négase a explicar uns gastos de máis de 7.000 euros en dietas e viaxes

Redacción
Toques

O último pleno ordinario celebrado en Toques seguiu a liña dos anteriores. Un dos puntos da orde do día foia aprobación da conta xeral do 2004. Foi precisamente no apartado de contas onde se xerou máis tensión cando a socialista Cruz Bande pediu ao alcalde, Jesús Ares, que explicara uns gastos superiores aos 7.000 euros que o rexedor presentou a cobro en concepto de dietas e locomocións. A resposta que a concelleira obtivo foi que o alcalde non ten que darlle explicacións. Segundo Bande, entre os gastos están algúns en concepto de “atencións protocolarias a alcaldes e autoridades”, sen embargo, a oposición non ten constancia de que ningunha autoridade visitara o concello.

A edil socialista insistiu en que numerosas facturas son presentadas a cobro



O concello non recibiu visitas institucionais, segundo Bande

sen que exista ningún dato sobre onde se realizou a obra ou a onde foron destinados os materiais mercaados. Cruz Bande inquiriu ao alcalde sobre desprazamentos respecto aos cales o rexedor de Toques rexeita dar explicacións, ao igual que ocorre con compras que segundo a concelleira “son irracionais, innecesarias, e para bibliotecas que non existen”...

Entre as outras cuestións

que se debateron no pleno, estivo a solicitude de Bande para que se tomen medidas para evitar que se depositen os plásticos dos silos nos colectores do lixo. O independente Ferro solicitoulle a Áres unha planificación da actividade económica que lles permita unha mellor fiscalización do concello, unha medida que a oposición lle reclama a Ares dende hai anos, pero sen éxito.

Hotel Balneario Río Pambre
★ ★ ★

Villeriño (Samborombon) • Palas de Rei • Lugo
Tel. 982 163 232 / 982 374 136
Fax. 982 374 098
info@balnearioriopambre.com

Máis de 260 persoas acudiron á cea do Tecor A Xuntanza

O TECOR de Toques “A xuntanza” celebrou en marzo a súa xuntanza anual á que asitiron os propios socios da sociedade de caza, así como xente invitada, en total, xuntáronse arredor de 270 persoas. A cea na que se serviu corzo e xabarín celebrouse no melidense Hotel Carlos.

O delegado de Medio Ambiente, Manuel Tajés, estivo entre os convidados, e aproveitou a ocasión para ofrecerlle aos veciños a súa colaboración.

A asociación socio-cultural Xocer da os seus primeiros pasos

A Asociación para a promoción e o desenvolvemento social e cultural de Toques “Xocer” está a dar os seus primeiros pasos. A iniciativa constitúese formalmente a finais do pasado ano e está comezando a súa andaina. A primeira das actividades que se organizaron dende o colectivo foi unha viaxe a Taramundi, e a asociación está xa a traballar en novos proxectos para os vindeiros meses.

Obxectivos de partida

A finalidade coa que xurdiu Xocer baséase na promoción e o desenvolvemento social e cultural

de Toques. Segundo reza os estatutos, Xocer pretende constituir un foro de debate e estudo sobre a realidade histórica, social e cultural do concello. Organizar charlas, conferencias e estudos de investigación sobre a realidade local, así como programar cursos e actividades formativas pensadas e dirixidas cara os veciños, están tamén dentro dos fins do colectivo.

Xocer pretende facer publicacións e divulgación sobre traballos arredor de Toques, así como organizar concursos de ideas, viaxes e intercambios.

O período de exposición pública rematou o 16 de marzo

Preséntanse arredor de 220 alegacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiso

A Xunta revisará agora as solicitudes de modificación do PXOM

Redacción
Santiso

O prazo de exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiso rematou o pasado 16 de marzo. Ao longo do mes que estivo a disposición dos veciños, presentáronse aproximadamente 220 alegacións, segundo afirmou o rexedor de Santiso, Ramón Villar.

As propostas de modificación feitas polos afectados polo Plan Xeral tiveron carácter variado. No traballo feito por Estudio Técnico Gallego, e aprobado inicialmente o 16 de marzo, non constaban varias pistas da concentración parcelaria nin algunhas parcelas novas. Varios veciños presentaron alegacións a causa de que se marcaba como núcleo non urbano zonas xa urbanizadas. Segundo Villar, outras das reclamacións veciñais foron precisamente no



O PXOM foi un dos temas abordados na xuntanza plenaria de marzo

senso contrario, ao solicitar como chan forestal zonas que estaban estipuladas no PXOM como urbanas.

Información

Ao longo do mes que estivo a exposición pública o Plan Xeral de Santiso, un

técnico acudiu dous días á semana para informar aos veciños, ademais durante a última semana de exposición estivo todos os días.

Amáis da información a través do concello, o Grupo Socialista Municipal de Santiso organizou un encontro

aberto ao público no que todos os veciños interesados recibiron asesoramento de técnicos.

Entre as alegacións presentadas ao PXOM tramitaronse varias promovidas dende o goberno e polos grupos da oposición de Santiso.

A nova ordenación do concello centrou parte do debate plenario

O núcleo duro do pleno de marzo en Santiso pasou pola cuestión do Plan Xeral de Ordenación do concello. Tanto a socialista Inés Cagide como o independente Ovidio Leiva presentaron mocións relativas ao PXOM e nas que solicitaban que o plan de ordenación se adaptara á actual estrutura viaria de Santiso. Leiva e Cagide detectaron diversas incoherencias no traballo de campo, tales como ausencia de pistas da concentración, zonas non urbanas onde hai casas ou erros nas planimetrías. O grupo de goberno rexeitou as mocións, e Villar dixo que para modificar os erros estaban as alegacións. O alcalde afirmou que o traballo estaba ben feito, e que nalgúns casos que non era así, él estaba disposto a alegar.

O concello busca outra empresa para o lixo ao rematar a concesión de Celta Prix

Redacción | Santiso

O Concello de Santiso acordou no pleno de marzo solicitar a alomenos tres empresas ofertas para a contratación do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos. O contrato con Celta Prix, empresa concesionaria do servizo, rematou xa, e neste momento está a recoller xa o lixo grazasa a unha prórroga acordada co concello. Segundo manifestou o grupo de goberno, xa se publicitou a contratación do servizo, cos seus correspondentes trámites, pero ningunha empresa se

presentou en tempo e forma para optar ao servizo. Así pois, o grupo de goberno aprobou na sesión plenaria contratar, por procedemento sen publicidade previa, o servizo, logo de solicitar ofertas a alomenos tres empresas.

O concelleiro independente Ovidio Leiva manifestouse en contra do procedemento de contratación, e insistiu en que o concello debería contratar a traballadores do propio municipio para facer o servizo de recollida, xa que o camión é xa municipal, e deste xeito aforrariáanse cartos. O grupo de gober-

no descartou esta opción ao crer que a contratación do servizo a unha empresa é o sistema máis barato.

Lei de dependencia

A moción que non se aprobou na sesión de marzo foi a referida á lei de dependencia, presentada pola socialista Inés Cagide. O grupo de goberno rexeitou a proposta de facer un censo real de persoas dependentes no concello. O alcalde comentou ademais que xa se lle está a “botar unha man” a todos os dependentes do concello que o permiten, unha afirmación que non compartiu a oposición.

Rúas e prazas do municipio levarán o nome de once alcaldes do século XX

Redacción | Santiso

Un dos puntos que máis controversia causou no pleno do pasado marzo foi a proposta do alcalde, Ramón Villar, de adicar unha rúa ou praza do concello aos seus doce predecesores no cargo ao longo do pasado século. Os representantes dos grupos da oposición alegaron que non lles parecía oportuno remover o pasado, xa que moitos deles gobernaron durante a dictadura e podía traer recordos desagradables. Os concelleiros dos grupos da

oposición insistiron en que os anteriores alcaldes posiblemente farían todo o que puideron e, en todo caso, non tiñan nada contra eles, se ben, segundo Cagide Val, a mellor opción para nomear as rúas pasaría por pór-lles os nomes dos propios lugares.

O alcalde de Santiso non estivo dacordo coas apreciacións da oposición, e anunciou que a súa intención é que se adique rúa a cada alcalde na súa respectiva parroquia. Villar insistiu ademais en que “eu para mín non quero ningunha”.

Comeza a tempada de pesca

A Furelos revolto... proveito para os miñoqueiros

L.G.C. | Melide

A tempada de pesca xa comezou. Pescadores e “tentativas” de pescadores camiñan xa polas ribeiras dos ríos e regatos da comarca en busca de pezas que levar aos cestos. Un dos espazos máis cobizados polos troiteiros é o coto de Furelos. Unha zona vedada que comprende preto de nove quilómetros de cauce dende Furelos ata a Ponte da Fraga, en Toques.

A paraxe do coto melidense préstase para a práctica da pesca, e iso sábeno ben os troiteiros que coñecen como a palma da man as beiras do ríos. As choivas das últimas semanas axudaron a que o cauce leve máis auga có ano pasado, o que, según os entendidos presaxia unha boa tempada.

Polo momento, as primeiras xornadas foron

proveitosas para os miñoqueiros. O frío e a auga non acompañan do mesmo xeito aos que pescan con cucharilla, que terán que esperar a que o río esté quedo.

Límite de pezas

Esta tempada, os troiteiros que pesquen no coto de Furelos teñen o límite de capturas por día en nove. Ademais, cada troita debe ter un tamaño mínimo de 19 centímetros, unhas medidas nada desprezables. A excepción dos luns, o coto melidense está aberto todos os días para os afeccionados que teñan reserva.

Esta tempada o organismo responsable decidiu otorgar seis permisos máximo de pesca no coto para a semana, e 15 as fins de semana. O número de prazas por día distan bastante das da tempada pasada, cando os días laborables podían pescar 20 troi-

teiros, e as fins de semana 40. Sen dúbida, os máis descontentos coa medida son os propios afeccionados, que teñen máis dificultades para reservar praza. Este ano os permisos para o coto están a venda na churría O Burato e no bar Mercedes, en Toques.

Xornada inaugural

O recorte drástico de permisos para o coto, sumado á fortuna do sorteo das prazas, foi precisamente a causa de que o 19 de marzo, día no que se deu o pistoletazo de saída á tempada, ningún dos 15 troiteiros con permiso para pescar fose de Melide nin da comarca, unha situación que non agrada aos afeccionados locais. Todos os troiteiros que puideron desfrutar o día de San Xosé das ribeiras do Furelos foron da zona da Coruña, así que agora é turno para os da casa.

O “campanu” superou os 2.800 gramos



A peza mide 62 centímetros e pesa 2.880 gramos

Máis de vinte minutos lle levou a Jorge Pazo Sánchez pescar o que se podería chamar o “campanu” do coto de Ponte Mazaira.

I Campionato Terra de Melide

A Asociación de Troiteiros Río Furelos está a organizar o I Campionato de Pesca Terra de Melide. O concurso disputarase o 29 de abril, e contará coa participación de dous dos campións que participaron nun torneo en Melide hai case 20 anos.

A data límite para inscribirse é o 16 de abril. O prezo é de 15 euros para socios e 25 para os non socios, comida incluída. As 15 prazas dispoñibles sortearanse o día 22. Os premios superan os 600 euros en metálico e os 700 en material.



O PSOE de Santiso organiza un coloquio cos gandeiros

O pasado 24 de marzo o PSOE de Santiso organizou na súa sede un encontro-conversa de gandeiros ao que asistiu Javier Iglesias, de Unións

Agrarias. Igrexas transmitiulle aos asistentes a situación na que se atopan cuestións vencelladas coa produción leiteira e o pago único.

A primeira Festa da Xuventude de Santiso celebrárase na Ponte o 28 de abril

Redacción. | Santiso

O vindeiro 28 de abril terá lugar no patio do colexio da Ponte a I Festa da Xuventude co concello de Santiso. A festa pensada para os máis novos está financiada polo concello, e organizada por varios mozos do municipio.

A orquestra Los Satélites e o Grupo América serán os encargados de amenizar a velada, que comezará arredor das 22.00 horas. Disporase dunha carpa acondicionada para poder facer fronte á climatoloxía.

Segundo reza nos car-



Os carteis están pegados por todo o concello

teis, ademais de música, haberá “consumicións económicas”.

Aínda que esta é a primeira edición da festa, a idea xa se xestou hai dous anos, se ben non se levou

a bo porto ata agora. Para a organización da festa, o concello aportou unha suma de 4.000 euros que os organizadores están buscando o xeito de incrementar.

A nova normativa para o sector da construción entra en vigor en abril

Un experto de Industria informou aos socios de ASETEM-CCA sobre o carné de guindastre

Os operarios deberán actualizar as súas acreditacións nas delegacións da consellería

Redacción
Melide

O vindeiro 15 de abril entrará en vigor a nova lexislación referente aos carnés de operadores de guindastres móbiles. A nova normativa da consellería de Industria establece que todos os carnés, estén ou non vencidos, deberán ser actualizados e legalizados antes de dita data.

Para informar aos constructores e operarios da comarca, ASETEM-CCA convocou aos seus asociados para unha conversa informativa na que un responsable de Industria, Julián Lucas Ramírez trasladou aos asistentes a nova situación, así como os distintos procedementos a realizar para actualizar os carnés de operario de guindastre.

Segundo o responsable de Industria, todos os operarios de guindastre que



Julián Lucas Ramírez informou aos interesados nas instalacións de ASETEM-CCA

conten con carné deberán presentar na delegación de Industria unha fotocopia do DNI, unha foto tamaño carné, unha etiqueta para a recollida da signatura, a acreditación de experiencia laboral, así como a vida laboral. Precisarase así mesmo o certificado das empresas nas que o

operario exerceu a actividade (dous anos de experiencia anteriores a outubro de 2003), o psicotécnico ou certificado médico, e o xustificante das correspondentes.

Os operarios que dispoñan de diploma e que queiran equiparalo a carné, deberán acreditar

un ano de experiencia anterior a outubro de 2004. Os operarios de guindastre móbil que dispoñan de diploma obtido nunha entidade homologada pola consellería de Industria, deberán completar o número de horas para poder ter acceso ao carné.

AXUDAS

-Subvencións en materia das tecnoloxías.

A Consellería de Innovación e Industria ven de convocar axudas en materia de tecnoloxías da información e da comunicación. Trátase de axudas para incentivar actuacións no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación, e para desenvolver aplicacións e servizos relacionados coa integración de ditas tecnoloxías no mundo da empresa. Tal e como se expón na orde do 20 de marzo, as axudas poderanse solicitar ata o 28 de abril. A contía máxima será do 30% do investimeto subvencionable para cada proxecto. As subvencións aprobadas serán a fondo perdido.

-Subvencións para o sector artesanal.

Tal e como se publicou no D.O.G. do 27 de marzo de 2006, da Orde do 17 de Marzo do 2006, veñen de convocarse axudas para o sector artesanal galego

Xa está aberto o prazo para inscribirse nos cursos de galego e informática

Redacción | Melide

A Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística impartirá un curso de iniciación á lingua galega. A data de comezo do curso será o 24 de abril, e impartirase en horario de 20.30 a 22.30 horas nos locais da asociación. O curso de iniciación á lingua galega constará de 75 horas, das cales 60 serán lectivas e 15 de tratamento individualizado.

Todos os interesados en

acudir ás clases deberán inscribirse antes do día 12 de abril acudindo ás oficinas de ASETEM-CCA na rúa Lino Sexto Sánchez número 2, ou ben chamando ao teléfono 981 506 188.

Informática

Ademáis do curso de iniciación á lingua galega, en abril tamén comezará a impartirse un curso de iniciación á informática. A actividade formativa ten xa o prazo de inscrición aberto para os interesados. Ao igual que o curso de iniciación ao galego, as prazas dispoñibles son

limitadas, polo que se recomenda reservar praza canto antes.

O curso de iniciación á informática comezará a impartirse o 18 de abril. A súa duración total é de 25 horas. As clases desenvolveranse de luns a xoves en horario aproximado de 20.00 a 22.00, se ben isto pode sufrir algunha modificación.

Para inscribirse no curso organizado coa colaboración da Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto, os interesados poden pasar polas oficinas do colectivo.

MYH NOR
MORTEROS Y HORMIGONES

CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

O mundo da relojería e as alfaías non ten segredos para un dos comercios históricos de Melide

Silvela: medio século adicados á xoiería

A empresa familiar foi mudando ao ritmo que marcaron os tempos, e dacordo coas necesidades dos clientes

Lorena García Calvo
Melide

A mediados do século, con pouco máis de catro expectadores, un escaparate alleo e máis ilusión ca clientes, Manuel Silvela fundou en Melide unha pequena relojería na rúa San Pedro. Naqueles tempos un reloxo era un produto de luxo, e os únicos que se vían eran os de peto, e en mans de mestres ou médicos. A pesar diso, Silvela pai comezou no negocio arranxando expectadores, e convencido de que o negocio iría para diante. Hoxe, 50 anos despois, o proxecto que Silvela puxo en marcha é unha das xoierías-relojerías con máis historia e proxección da comarca.

Xosé Manuel Silvela leva anos á fronte do negocio familiar. Con catorce anos



Silvela comezou no mundo da relojería e a xoiería cando só tiña catorce anos

“xa sabía o que era un reloxo. Lembro que comecei cos expectadores, que eran os que tiñan as pezas máis grandes”, di Silvela.

Ao pouco de que seu pai abriera a relojería na rúa San Pedro, trasladouse a outro local da rúa do Convento. O seguinte destino do negocio familiar foi a estrada da Coruña,

onde abriu un local no que a relojería e a xoiería estaría máis de trinta anos.

Co tempo, o comercio de Silvela foise ramificando. De arranxar e vender reloxos, logo se pasou tamén ao mundo da bisutería e máis tarde pequenas pezas de ouro. “Lembro que papá contaba que moita veces lle ían parellas que

ían casar ao día seguinte e que chegaban cos cartos xustos para mercar as alianzas. Ao día seguinte moitos emigraban.”, conta Silvela.

Hai xa quince anos que a xoiería relojería Silvela se asentou nas súas actuais instalacións na estrada da Coruña. Dende alí enfíao futuro.

Un sector cunha evolución de vendas cada vez máis regular

Lonxe do que se poida pensar, e segundo a experiencia de Silvela, o sector da xoiería non ten unha dependencia extrema de certas datas. Nadal, reis, San Valentín e o día do pai e da nai son datas esenciais para as vendas, pero actualmente non son as únicas. “Salvo a primeiros de outono, despois as vendas véñense mantendo regulares. Ademais dos días sinalados, cando chega a primavera xa comeza o tempo das comunións, que se prolonga ata agosto. Os meses de verán para nós son moi bos”, indica Silvela.

O maior achaque do sector da xoiería radica na estocaxe. “As modas evolucionan con tanta rapidez que o que non das vendido na tempada, logo non se da colocado. E cos reloxos pasa o mesmo. É o problema de non ter rebaixas.”

Seguir as tendencias e garantir aos clientes o mellor servizo, bases da filosofía da empresa

Máis de cinco décadas no negocio da xoiería e a relojería avalan o traballo de Silvela, ao tempo que fundamentan os principios da empresa. “A chave de Silvela está en que non nos quedamos estancados. Nós traballamos sempre coas marcas punteiras e coas que trunfan. Hai que ter moita variedade de produto para que cando un cliente quere algo, poder ofrecerllo”, comenta o propietario do establecemento.

Aínda que poidera pensarse que o sector da xoiería e a relojería non

está tan influenciado coma outros mercados por tendencias e publicidade, a experiencia de Silvela indica o contrario. “Os anuncios en televisión inflúen moitísimo nas vendas. As tendencias cambian rapidísimo, e por exemplo un produto que sae ao mercado por Nadal xa ten que deixar paso a outro cando ven a campaña dos namorados”.

O puntal sobre o que descansa Silvela pasa polo trato aos seus clientes. “Para nós os clientes son sagrados, e por iso procuramos que sempre

saia satisfeito. Vivimos de portarnos ben co cliente, da mellor forma que sabemos e do xeito que eu aprendín dende pequeno”:

José Manuel Silvela é a segunda xeración da familia á fronte do negocio, e confesa que a terceira xeración, non senten pola xoiería a “ilusión” e o interese que él mantén. “Levo desde neno traballando nisto e teño a mesma ilusión có primeiro día porque sempre tento evolucionar. Penso en seguir mellorando día a día e en non quedar estancado”.



Dispor das últimas tendencias é clave para o comerciante

Industria abre o prazo para pedir subvencións para modernizar comercios no rural

Redacción
Melide

A consellería de Innovación e Industria ven de convocar as axudas para a modernización dos comercios situados en zonas rurais correspondentes ao 2006. Estas subvencións están dirixidas a comerciantes minoristas que desenvolvan a súa actividade comercial en establecementos situados no rural. Os solicitantes non poderán superar os dez traballadores nin ter locais que sobrepasen os 300

metros cadrados de superficie comercial adicada a exposición e vendas.

As axudas a fondo perdido poderán chegar ata o 40% da inversión subvencionable. A inversión mínima subvencionable é de 1.500 euros, e a máxima sitúase nos 50.000.

As axudas da consellería estarán adicadas a sufragar costes de reformas e adaptación dos establecementos, tales como a eliminación de barreiras arquitectónicas ou a ampliación do local. Tamén será subven-

cionable o custo de adquisición de mobiliario, elementos de decoración ou calquera outro tipo de equipamento comercial.

O deseño e execución de campañas publicitarias para a captación e fidelización de clientes e a adquisición de elementos de transporte de uso industrial, debidamente rotulados para a distribución do produto tamén terán a consideración de gastos subvencionables. O prazo para solicitar as axudas remata o 29 de abril.

O IGAPE convoca axudas para a mellora da produtividade e programas de inversións

Redacción
Melide

O Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE, ven de publicar as bases que regulan as axudas para a mellora da produtividade empresarial, así como a modificación das bases do programa de inversións.

O Programa de mellora da produtividade subvencionará ata o 50% de bens de

equipo de carácter tecnolóxico para investimentos entre 10.000 e 600.000 euros. Subvencionarase ata o 55% para inversións en equipos e programas informáticos entre 30.000 e 200.000 euros.

O prazo de presentación de solicitudes comeza o un de abril e prolóngase ata o 10 de maio.

Polo que respecta ao Programa de inversións, a

subvención, a fondo perdido, poden chegar ata o 15% da inversión, e ata o 50% do coste dos terreos en polígonos de promoción pública. A inversión mínima deberá de ser de 600.000 euros, e non hai data límite para a solicitude.

Estas axudas do IGAPE son compatibles outras axudas da Consellería e doutros organismos.

Convocan axudas para mellorar establecementos de restauración

Redacción
Melide

Os propietarios de cafeterías, cafés, bares e restaurantes xa poden informarse arredor da orde da Consellería de Innovación e Industria pola que se convocan axudas para a mellora

dos establecementos.

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 15 de marzo unha orde, con data do día 7 de marzo pola que se convocan subvencións para a mellora de cafeterías, cafés, bares e restaurantes.

Axudas para proxectos de protección medioambiental

Redacción
Melide

A consellería de Medio Ambiente ven de convocar axudas para a elaboración de memorias de sustentabilidade e para inversións para a protección do medio ambiente.

A consellería subvencionará ata o 90% a elaboración de memorias de

sostenibilidade sempre que as cantidades non superen os 3.000 euros.

Así mesmo, subvencionarase ata o 50% de inversións para a protección medioambiental con actuacións como reutilización de residuos, melloras tecnolóxicas, etc... Poderanse persentir propostas ata o 12 de maio.

Subvencións para adecuar os establecementos ao entorno

Redacción
Melide

Convócan subvencións para a adecuación dos establecementos comerciais ó seu contorno competitivo en desenvolvemento do Plan de Renovación e Mellora do Comercio Galego.

As audas diríxense fundamentalmente a sufragar a adquisición de equipos inoformáticos, tal e como consta no Diario Oficial de Galicia do 27 de marzo de 2006, concretamente na Orde do 15 de Marzo do 2006.



Quince alumnos asiten ao curso de prevención de riscos

Comeza o curso de prevención de riscos laborais con 15 alumnos

O 22 de marzo comezou noa locais de ASETEM-CCA un novo curso de prevención de riscos laborais. Un total de 15 alumnos están asistindo ás clases que se imparten nos locais da asociación de empresarios.

A actividade formativa ten unha duración de 50 horas. O horario de clases é de 20.30 a 22.30 horas de luns a xoves. O curso finalizará o vindeiro 22 de abril.



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)



Gral Franco, 38 Rda A Coruña, 22
Tfno: 981-50.73.22 Tfno: 981-50.50.59
MELIDE

A figura feminina centrou parte dos actos culturais de marzo

Redacción | Melide

O Centro de Información ás Mulleres e o concello de Melide organizaron ao longo de marzo distintas actividades coa figura feminina como nexos comúns. O oito de marzo, Día Internacional da Muller, tivo lugar no Centro Social a proxección do filme "Las mujeres de verdad tienen curvas". Baixo o chamamento de "Planificación familiar e prevención de enfermidades de transmisión sexual" organizouse o día dez unha conferencia na que interviron Dolores Martínez Romero, matrona, e Juana Fernández, médica de familia.

Amáis destes actos, o edificio Multiusos foi o lugar escollido para ubicar unha exposición fotográfica de promoción e apoio á lactancia materna. Un conxunto de imaxes da Asociación galega pro-lactancia materna, "Mámoa".

Os nenos recibiron clases teóricas e prácticas no Pazo de Congressos Máis de 400 rapaces de Melide participaron nas aulas do parque infantil de Tráfico

Esta é a cuarta ocasión na que a campaña de educación vial recala na capital comarcal

Redacción
Melide

O parque infantil da Dirección Xeral de Tráfico, coa campaña de educación vial para rapaces, recalou en Melide a segunda semana de marzo. En colaboración coa policía local, Javier Fernández, monitor encargado do parque infantil de tráfico deu a coñecer aos máis de 400 rapaces dos tres colexios do casco urbano algunhas nocións de sinalización e conducta na estrada para que os máis cativos tomen conciencia da importancia de respectar as normas de condución.

Amáis das clases teóricas, os nenos de terceiro, cuarto, quinto e sexto de primaria tiveron a oportunidade de conducir pequenos cars nun mini circuito montado no pazo de congresos melidense.

Rotondas, semáforos,



Os pequenos disfrutaron coas clases prácticas no circuito instalado no Pazo de Congressos

pasos de peóns e todo tipo de sinalización puxeron a proba os coñecementos impartidos pola policía local nas clases teóricas. Segundo os responsables da campaña de educación infantil, a receptividade entre os pequenos foi total, sobre todo na parte práctica, sen dúbida a máis entretida para os pequenos. Con esta, xa son catro as ocasións nas que o parque infantil de Tráfico se achega a Melide.



Trala teoría, os rapaces amosaron a súa pericia ao volante



A formación prepárase xa para os concertos estivais

A Sinfónica prepara un novo programa baseado en composicións de Strauss

Redacción | Melide

A Orquestra Sinfónica de Melide está inmersa na preparación dun novo programa musical que presentará nos meses de verán. Trátase dun programa de opereta de finais do século XIX e principios do XX baseado sobre todo en composicións de Johann Strauss. Bales, polcas e outras composicións que os compoñentes da Sinfónica melidense ensaian xa coa vista posta nos concertos estivais.

Segundo manifestou Fernando Árias, director da orquestra, trátase dun "programa popular pero de bastante dificultade". Ata agora os músicos melidenses non abranguerán proxectos desta índole. "Trátase case dun monográfico co máis selecto de Strauss e exclusivamente orquestral. A protagonista absoluta é a orquestra, que non terá descanso en ningún momento", comenta Árias.

Conseguir que un progra-

ma como o que a Sinfónica de Melide prepara funcione á perfección, pode leverlle aos músicos locais entre catro e cinco meses. Un duro traballo que dará como froito un concerto de aproximadamente dúas horas nas que se interpretarán entre doce e catorce composicións.

A maior dificultade, segundo afirma Árias, estriba en "conseguir impregnarte da época da que data a música".

A xornada celebrarase o 30 de abril no Pazo de Congressos Música, unha mostra de artesanía e obradoiros centran o programa da II Foliada de Melide

A iniciativa está organizada pola Agrupación Folclórica Castelo

Redacción
Melide

O vindeiro 30 de abril celebrarase no Pazo de Congressos a II Foliada de Melide. A xornada lúdico-cultural organizada pola Asociación Folclórica Castelo amplía este ano o seu cartel de actividades máis aló do “serán” musical da primeira edición.

Aínda que o programa está suxeito a variacións de última hora, a Foliada contará cunha mostra na que participarán artesanos chegados de toda Galicia cos seus traballos en materiais como o coiro, forxa ou o papel, así como artesanía de instrumentos. Outra das actividades incluídas no programa é a exhibición dunha máquina de mallar do século XIX.

Os integrantes de Castelo serán os encargados da posta en marcha dun obradoiro para os máis peque-



O programa da pasada edición centrouse no “serán” organizado pola noite

nos sobre os mallos.

A parte expositiva estará composta por un achegamento aos Garceiras melidenses da man de Axouxere. Así mesmo, a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional levará ata o Pazo de Congressos algúns dos xogos tradicionais que

compoñen a ludoteca da asociación. Haberá tamén unha exposición de “Melide en fotos”, e outra de comercio xusto da man da Fundación Enxebre.

Entre as conversas xa confirmadas para o día 30, está un coloquio-mostra sobre a afinación da gaita e tratamento das palletas

que impartirá Jseús Miranda.

Ao longo da xornada está prevista a actuación do grupo de baile Azougue, de Betanzos. Dentro do programa de actuacións está tamén a de Mini e Mero coas súas recompilacións de cantos e coplas de cego.

Oito grupos serán os encargados de poñer a nota musical ao “serán”

A parte musical da II Foliada de Melide terá o seu punto forte co “serán”, se ben xa a partir das 20.00 horas, está previsto que comece unha marcha gaiteira que percorrerá a vila.

Ao igual que a pasada edición, oito grupos folclóricos actuarán no Pazo de Congressos melidense. O anfitrión da xornada, o Grupo Folclórico Castelo será un dos que actuarán. Estarán acompañados do Grupo de Gaitas Charamela de Antas de Ulla, o Grupo de Gaitas Castro Curbín de Arzúa, os melidenses Froito Novo, o Grupo de Gaitas Maristela de Sobrado e o Grupo de Gaitas Bico da Balouta de Agolada. O cartel de actuacións complétano Pao de Buxo, de Silleda, e a Escola de gaitas Axoouxere. A partir de media noite, serán aberto para todos.

Un total de 20 obras optan ao certame literario Terra de Melide na súa sexta edición

Redacción | Melide

O Certame literario Terra de Melide de narrativa xa ten candidatos. Un total de 20 obras presentáronse ao premio literario que chega este ano á súa sexta edición. Non será ata o vindeiro sete de xullo cando se dea a coñecer o nome do gañador.

O Terra de Melide é un dos premios literarios mellor dotados do territorio galego, con 6.000 euros e a publicación da obra gañadora pola editorial Francka Editora.

Tal e como rezan os estatutos do certame convocado polo Concello de Melide, as obras presenta-

das son todas narrativa, ben sexa novela ou relato, e teñen unha extensión mínima de 60 páxinas.

A elección da obra gañadora será tomada por un xurado composto por sete membros, cinco deles con voz e voto, e dous, o presidente e o secretario só con voz.

O gañador da última edición do Certame de Creación Literaria Terra de Melide foi o ribeirense Francisco Antonio Vida coa obra “Os pecados capitais”. A IV edición do certame foi a parar a mans de Beatriz Dacosta e a súa obra “Contrato temporal”, da que se editaron 1.000 exemplares. O libro fina-

lista desa edición foi “Rosa lenta”, de Isidro Novo.

O porqué do certame

O Certame de creación literaria Terra de Melide naceu no ano 1999 coa intención de servir de homenaxe e memoria a todos os homes e mulleres que no seu momento apostaron polo desenvolvemento cultural de Melide, e puxeron o seu grao de area para a posta en marcha de diversas iniciativas desta índole. Hoxe en día está plenamente consolidado no círculo literario galego ademais de destacar por ter un dos premios máis elevados.



20 obras optan ao primeiro premio do certame literario

¿Asasinos en alto o fogo?

DAVID BARRIO

Por primeira vez na miña colaboración non vou tocar un tema local. Considero que pola importancia e pola transcendencia que ten para todos os cidadáns deste país (España). Quero pronunciarme sobre a mal chamada "tregua de ETA" e quero facer algunhas consideracións como cidadán: Primeiro, ETA non fai un parón porque se lle encendera unha bombilla de boa vontade nas súas mentes. ETA está acorralada, e pretende sacarlle partido ao tema. Foi acorralada dende o estado de dereito co Pacto polas liberdades e co peso da xustiza e a actuación policial, cunha política eficaz nos últimos seis anos.

O peche das tabernas abertzales, a conxelación dos recursos económicos dos seus cargos electos, a actuación exemplar da xustiza con Garzón, Fungairiño, Marlasca. Exemplos de intervencións policiais e a colaboración francesa en materia de terrorismo, e a política seria, e sin titubeos do anterior goberno en materia antiterrorista tiveron efecto.

Que ninguén se equivoque. ETA sigue sendo unha pandilla de asasinos, non son agora anxos de deus. Segundo: ETA sabe hoxe que está nun calexón sen saída. É certo que pode seguir matando, pero sen escondites en Francia, perseguidos en Europa e con pouco apoio en Euskadi.

Terceiro: cal é a sadia entón? Ante a derrota, buscar unha saída negociada.

Cuarto: ante un goberno que ten ansias por intereses un tanto electorais (como todos, e como os pasados). A ver se traga o anzó. Pasos a seguir: primeiro, ningún goberno serio se pode sentar cunha pandilla de asasinos mentres non renuncie ás armas. Segundo, ten que seguir caendo o peso da lei con toda a forza sobre eles, sempre e cando haxa delitos de sangue. Tercero, ser conscentes de que eles son os terroristas e a outra parte é o goberno, o poder lexítimo deste país. ETA ten que renderse coas mans en alto, como o que son. Asasinos. E, sobre todo, sen concesións políticas. Non vaia ser que agora ser terrorista se convirta nun xeito de facer política. Acaso os terroristas de ETA teñen que ser considerados políticos por contar cunhas siglas. Se fora así, Franco, Musolini, Stalin son boa xente. Por último, ollo co que se vai facer.

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA

TELF: 677 670 051

E-mail: angel.curtis@yahoo.com

www.angelcurtis.com

Efemérides Melidás

Asamblea de Prelados e Cabaleiros do Reino de Galiza o 4 de decembro de 1520

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

(Continuación. 2ª parte)
Celebrábanse Cortes en Santiago en Marzo de 1520, e aproveitando o evento, o Arcebispado Don Alonso, o Conde de Vilalba Don Fernando de Andrade e o Conde de Benavente, presentáronse no Convento de San Francisco en Compostela, e en nome da nobreza galega, solicitaron se lles dsesse entrada nas Cortes, xa que así o reclamaba o ser de Galiza "Eeino solo de por sí con voz e voto nas antigas Cortes de Castela, e que o estar sometida a representación de Zamora, era unha inxustiza e un desprezo da súa grandeza".

Os procuradores alí reunidos, rexeitárono, opoñéndose frontalmente ás lexítimas peticións. Galiza, ultraxada no seu honor, na repulsa das Cortes de Santiago, e polo innoble xeito de actuar do Procurador de Brutos, algúns Prelados e Cabaleiros do Reino de Galicia xuntáronse en Melide, o 4 de Decembro de 1520.

Xúntanse os seguintes persoeiros: Don Fernando de Andrade e o Licenciado Cáceres en nome do Conde de Benavente; Pedro Osorio en nome e poder do Marqués de Astorga; Álvaro Taboada en nome e poder de dona

Beatriz de Castro, Condesa de Lemos; Gutiérrez de Navia en nome e poder do Conde de Altamira; o Bispo de Astorga e o Doutor Gabriel Botillo, en nome do Bispo de Lugo; o Deán da Eirexa de Mondoñedo, en nome dela e do Cabildo; Mariscal Álvaro González de Rivadeneira; Señor da Barreira; Pedro Bermúdez de Castro; Señor de Rianxo; Señor de Sobrado; Rexidor de Betanzos; Diego Sánchez de Rivadeneira; Rexidor da Cidade de Ourense; Frei Al.Gago; Señor do Val de Tebra; entre outros. (Continuará 3ª parte, acordados tomados).



Publicado en Faro de Vigo na segunda década do século XX.

Arquivo de Xosé Domingos Fuciños

En todo Galicia proliferan as iniciativas de recuperación dos xogos tradicionais

A Rede Galega do Xogo Tradicional Brinquedia naceu en Melide

A idea orixinal da creación dunha entidade que coordinase todos os proxectos de recuperación do patrimonio lúdico que se desenvolven en Galicia, e que logo se chamou BRINQUEDIA, REDE GALEGA DO XOGO TRADICIONAL, naceu no I Curso de Xogos Tradicionais celebrado en Ourense no mes de maio de 2004. Así e todo, a reunión clave na constitución de BRINQUEDIA tivo lugar en Melide no verán do mesmo ano, pois aquí foi redactado o documento fundacional. Despois, n'A Capela (Ferrolterra) xestáronse os I Encontros Escolares de Xogos Tradicionais e finalmente en Riotorto (Terra de Miranda) celebrouse a Asemblea Fundacional o 27 de marzo de 2005.

As razóns polas cales naceu BRINQUEDIA foron moi diversas. Por unha parte a existencia de varias fronteiras en Galicia traballando no eido dos xogos illadamente. Entre elas, atopamos iniciativas consolidadas e



A rede está a recuperar xogos como o aro

outras que veñen de nacer recentemente. Só por citar algúns exemplos, pensemos na Liga de Birlos/Bólos Celtas do Val Miñor ou na Liga de Birlos ao Canteiro da Órrea; nas Ligas de Chave de Ourense, A Coruña ou Ferrolterra; na Regata das Dornas de Arousa, en distintos museos escolares (CEIP de Esteiro-Ferrol, CEIP d'A Capela...), varias publicacións ao respecto, a existencia de distintas

infraestruturas que gardan estreita relación co mundo do xogo (o MUPEGA en Santiago, o Palao en Ourense, o Museo do Xoguete en Allariz...), e multitude de asociacións e centros de ensino que traballan arredor dos xogos tradicionais, ben no día a día, ben na organización de interesantes e frutuosas actividades.

Malia existir tantas iniciativas, o xogo tradicional non se atopaba recoñecido

socialmente, véndose relegado habitualmente a unha segunda plana. Con relación a isto, podemos nomear o caso tan curioso de que a Asociación da Chave (xogo galego de fonda raizame), para poder desenvolver a súa Liga, teña que formar parte da Federación de Petanca (xogo importado de Francia hai apenas un século). Do mesmo xeito, ao longo das tres últimas décadas o xogo tradicional (agás algunhas excepcións) perdeu presenza nomeadamente entre a mocidade, centrándose a súa práctica entre os "vellos", ou ben en programas culturais que os protexen.

Por estas razóns considerouse necesaria a creación dunha entidade que agrupase a todas as manifestacións que, arredor dos xogos tradicionais, existen en Galicia e deseñase un proxecto común de actuación que defenda e promocióne o noso Patrimonio Lúdico. BRINQUEDIA abre pois o abano para a asociación doutras asociacións, centros de ensino, concellos e outras institucións, empresas e persoas físicas.

O proxecto na comarca

Á parte de ser o lugar onde a entidade tomou forma, o certo é que BRINQUEDIA ten unha forte presenza na Terra de Melide. Aquí ten a súa sede efectiva unha das asociacións que forma parte da rede. A Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, da cal forman parte persoas que viven ou traballan en Melide, leva a cabo por Galicia adiante actividades de divulgación dos xogos tradicionais en centros de ensino, concellos, festas parroquiais e outras convocatorias públicas. Imparte por todo o país charlas de divulgación e mesmo ten participado en actividades promovidas polas tres universidades. Así e todo, a verdadeira mostra de que BRINQUEDIA está obtendo notables resultados no proceso de recuperación dos xogos tradicionais na nosa comarca, son os exemplos que nos ofrecen o colexio "Pastor Barral" de Melide e o "Cotarelo Valledor" de Boimorto. Son as primeiras constatacións (aínda que hai outras en marcha) do que se pode facer desde un centro educativo pola posta en valor dos xogos tradicionais. En cada un deses centros, a carón do fútbol ou do baloncesto, é o máis normal do mundo ver xa aos nenos e nenas practicando xogos tradicionais nos seus recreos de xeito natural, sen que ninguén lles impoña facelo. Todo se debe ao interese e á dedicación dun número importante de profesionais de cada un dos centros e, no caso do "Pastor Barral", ao labor do Equipo de Normalización Lingüística.

Os proxectos de BRINQUEDIA

Como toda entidade nova, BRINQUEDIA manexa na actualidade infinidade de proxectos de recuperación do patrimonio lúdico. Así, á marxe de estar intentando redactar un esbozo do que será o Plan Galego de Recuperación do Patrimonio Lúdico, que se agarda asuma a Xunta de Galicia, está tratando de coordinar todas as modalidades de birlos que hai en Galicia para tratar de crear unha federación que as aglutine, de conseguir financiamento e de lograr unha liga nacional galega. Nos próximos días

fará o mesmo coas diferentes modalidades de Chave que hai no noso país, pero no entanto, está ultimando os detalles organizativos dos II Encontros Escolares Galegos de Xogos Tradicionais, que se celebrarán en Acea da Ma, en Culleredo, en maio. Existe unha experiencia previa, os I Encontros, que se celebraron o ano pasado en Santiago e que contaron cunha notable presenza de escolares melidaos, que foron felicitados pola organización polo seu destacado papel.



O trompo é un dos xogos tradicionais a recuperar

**Teléfonos de
interese**

Autobuses

Actos

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
	Polideportivo
	981507752
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade
Melide.....981505003	981505706
Policía Nacional.....091	Parada de Taxis
Garda Civil	981505390
Urxencias.....062	Albergue Xuvenil
Melide.....981505007	981507412
S.O.S	Albergue do Peregrino
S.O.S Galicia.....112	660396822
Protec.Civil.....670498848	Centro Ocupacional
	981505003
	A.S.E.T.E.M
	981506188
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide
A Coruña	981507244
Santiago	I.E.S. de Melide
	981505162
Autobuses	
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº1.....981505238
Santiago.....981542416	C.E.I.P nº2.....981505929
Melide.....981505204	Gardería.....981505003
Aeropostos	U.A.F. de Melide
A Coruña.....981187200	981 507742
Santiago.....981547500	
Vigo.....986268200	
	SANTISO
	Casa do Concello
	981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	
Atención ao cidadán	Centro de Saúde
981120012	Agrochao.....981517803
Valedor do pobo	Visantoña.....981510749
981571900	Xulgado de Paz
	981 818501
Economía facenda	
981545151	SOBRADO
Industria e Comercio	Casa do Concello
981544341	981787508
Sevizo Galego Colocación	Desenvolvemento local
981125000	981787508
Teléfono da Muller	Centro de Saúde
900400273	981787744
Teléfono do Menor	Mosteiro de Sobrado
900444222	981787509
Dirección Xeral de Tráfico	Xulgado de Paz
900125505	981787508
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	TOQUES
Electricidade.....981147200	
Gas.....900760760	Casa do Concello
	981505826
	Centro de Saúde
	981507301
MELIDE	Xulgado de Paz
Casa do Concello	981505826
981505003	
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	

MELIDE - A CORUÑA	6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
De luns a venres:	
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	
Sábados:	Sábados:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e Festivos:	
9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Domingos e festivos:
Parada fronte á Cafetería Marta A CORUÑA - MELIDE	7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería Xoldra
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	Sábados:
MELIDE - FERROL	7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
De luns a venres:	Domingos e festivos:
Non hai liña	7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
Sábados:	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
19.15	
Domingos e Festivos:	
19.15	
Parada fronte á Cafetería Marta FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
De luns a venres:	Luns a venres laborables:
Non hai liña	Saída de Fondevila: 10.20
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
10.30	Domingos excepto último de mes:
Domingos e festivos:	Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
17.00	Saída de Melide: 13.00
MELIDE - OURENSE	Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
De luns a venres:	
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	
Sábados:	
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	
Domingos e festivos:	
9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
Parada fronte á Cafetería Marta OURENSE - MELIDE	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
De luns a venres:	Martes e venres lab-orables:
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Folladela: 8.30
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15	Domingos excepto último de mes:
Domingos e Festivos:	Saída de Folladela: 8.40
9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	Saída de Melide 13.00
	Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO	
De luns a venres:	

ABRIL
-Venres 1: inscrición nos cursos de natación da piscina climatizada.
-Sábado 2: celebración do día do libro infantil na Biblioteca municipal de Melide con diferentes actos.
-Xoves 7: celebración do día mundial da saúde, con distintos actos en Radio Melide.
-Sábado 9: Concerto de Esguince na discoteca A1, organizada polo departa-mento de cultura do con-cello de Melide en horario de tarde/noite.
-Domingo 16: data límite para inscribirse no I Campeonato de Pesca Terra de Melide. Para máis información, chamar ao 696607348.
- Martes 18: comeza nas instalacións de ASETEM-CCA o curso de infor-mática.
- Sábado 22: celebración do día do libro na bib-lioteca pública de Melide.
- Luns 24: comeza nas instalacións de ASETEM-CCA o curso de iniciación á lingua galega.
-Venres 28: Festa da xuventude en Santiso. Será diante do colexio de Arecediago. Actúan Los Satélites e o Grupo América.
-Sábado 29: despútase o I Campeonato de Pesca Terra de Melie no Coto de Furelos.
(As datas están suxeitas a cambios de última hora)

Elvis Pazos, xerente de Ferrallas de Melide

“Neste ramo hai moito traballo, pero tamén é certo que Galicia é a zona onde máis ferrallas hai”

Hai máis de dúas décadas que a empresa comezou a fabricar material para o sector da construción. O seu campo de acción chega a toda Galicia e xa comezaron a traballar en zonas como Madrid. Grandes constructoras e particulares conxúganse na carteira de clientes da

empresa melidense. A efectividade e a rapidez á hora de afrontar os pedidos obrigan a Ferrallas a facer unha actualización tecnolóxica constante. Da súa nave saen mensualmente preto de 160 toneladas de material para a construción.

Redacción
Melide

-¿Cantos anos hai que se puxo en marcha o proxecto de Ferralla de Melide?

-Esta é unha empresa de nova creación. Antes era Horfenor, pero como Ferralla de Melide leva dous anos. A empresa funciona xa dende hai case 20 anos. Dúas décadas nas que levamos suministrando material a toda a comarca de Melide e a outras zonas de Galicia.

-¿Quén iniciou o proxecto?

-O fundador foi Manuel Ángel González Mouriño, pai de Rocío González, a miña muller.

-¿Cal é a área de negocio na que se move a empresa?

-Nós agora mesmo adicámonos única e exclusivamente a suministrar ferralla para que as empresas teñan material de obra, para a construción.

“Estamos estudiando a posibilidade de abrir outra sucursal”

-Ademais de na comarca de Melide, e algunhas áreas de Galicia, ¿Ferralla chega a outros puntos?

-Dende Ferralla suministramos material a toda a zona de Melide, á área de influencia de Lalín e a toda a comunidade autónoma. Entre os nosos proxectos está expandir a área de traballo. Por exemplo agora temos algunha obra en Madrid, e miramos a posibilidade de traballar



Elvis Pazos cré que o sector da ferralla está atravesando un bo momento

tamén noutras zonas. Ademais, nós traballamos tanto con grandes constructoras como con empresas máis modestas ou mesmo particulares.

-¿Cómo está o sector?

-Está ben. Nós en traballo non notamos o parón que se comentaba. No noso ramo hai moito traballo

que facer, pero tamén é certo que Galicia é o sitio de España con máis ferrallas.

-¿E en Melide notouse ese parón?

Unha empresa como a nosa, coas inversións que fai non se pode plantexar vivir dun pobo como Melide. Tes que buscar

outras vías e por iso traballamos para toda Galicia. En Melide non hai o volume de obra para manter isto.

-¿Canto personal se precisa para ser capaz de dar saída a pedidos chegados de toda Galicia?

Agora mesmo somos oito traballadores para dar

saída a todo o que nos solicitan.

-¿Cal é esactamente o proceso que siguen?

-Aquí chega o material en barra, e facemos o transformado. Elabóranse vigas, pilares, parrillas, e todo o material de ferralla que pode levar unha obra.

-¿Canto tempo pode levar ese proceso?

-En Ferralla de Melide modernizámonos moito facendo unha inversión moi forte en maquinaria. Agora por exemplo facer todo o que é unha placa, con vigas e todos os seus

“En Melide non hai suficiente volume de obra como para manter isto”

elementos, dun tamaño duns 600 metros cadrados pódenos levar seis horas.

-¿Qué volume de produción ten a empresa?

-Pois depende, pero rondamos as 160 toneladas ao mes.

-¿A evolución tecnolóxica entrou de pleno no sector da ferralla?

-Sí, sí, por suposto. A tí plantéxanche un pedido dun día para outro para toda unha obra. A nós, sen máquinas fariánnos falla 20 traballadores.

-¿Cara onde se encamiñan os pasos de Ferralla?

-Temos en vistas entrar no mercado limítrofe con Galicia. E tamén estamos estudiando a posibilidade de abrir outra sucursal, pero aínda estamos no proceso de buscar a zona máis adecuada.



Ferrallas transforma mensualmente arredor de 160 toneladas



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.). Nº14. 1 de abril -1 de maio de 2006.
Distribución gratuita. Tamén en internet: www.asetem.com

**HOGAR DEL
MUEBLE**
hogardelmueble@comerciodegalicia.com

- Mobiliario de Cocina y Baño
- Dormitorios
- Comedores
- Tapicerías

**TODO TIPO
DE MUEBLES**



Ctra. de Lugo, s/n - Mandela
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981 50 59 89
Fax: 981 50 60 00



C/ As Fontiñas, 25-27
(al lado del restaurante Monterrey)
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981 55 45 07
Fax: 981 55 21 49



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]

